





Guía de Acolida Enfermeiras/os

**UNIDADE DE UROLOXIA E
OTORRINOLARINGOLOXÍA
Planta 1ª D
Hospital Álvaro Cunqueiro**





- 1** **Benvinda**
- 2** **Organización do Traballo**
- 3** **Tarefas Quenda de Mañá**
- 4** **Tarefas Quenda de Tarde**
- 5** **Tarefas Quenda de Noite**
- 6** **Pautas da unidade nos ingresos de pacientes**
- 7** **Actividades Programadas**
- 8** **Seguridade dos Pacientes**
- 9** **Decálogo de Boas Prácticas**



1


Benvida



Benvida/o á planta 1ª D do Hospital Álvaro Cunqueiro.

O obxectivo desta guía é favorecer a túa integración no traballo habitual da unidade.

Habitacións:



2

Organización do Traballo



- O traballo organízase por asignación e distribución de pacientes ao persoal, co fin de proporcionar atención integral e que o paciente/familia saiba en todo momento quen son os responsables do seu coidado.
- As accións descritas en cada quenda non supoñen a totalidade das desenvolvidas polo persoal de enfermería, posto que existen outras funcións que xurden a demanda, necesarias para manter o bo funcionamento da unidade e dar unha axeitada atención ao paciente e á súa familia.
- Recorda que o persoal está suxeito ao segredo profesional e á lei de protección de datos.
- O acceso á historia clínica do paciente e ao resto das aplicacións corporativas é persoal e intransferible, mediante usuario e contrasinal. Debes solicitar ao/á Supervisor/a da Unidade, a súa xestión para a activación dos accesos necesarios. En ningún caso debes cedelo a outros profesionais.
- Para máis información sobre a unidade podes consultar o Manual de Xestión e Organización Interna na Intranet Corporativa.

As actividades descritas nesta guía poderán estar suxeitas a modificacións dependendo da situación dos pacientes e a unidade.

3

Quenda de Mañá



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Traballar en equipo coa TCAE ofrecendo una atención integral adaptada as necesidades do paciente.
- Realizar extraccións e recoller mostras para analíticas.
- Preparar e administrar a medicación segundo prescripción e rexistrala no aplicativo SILICON.
- Revisar planilla das dietas e confirmar que pacientes teñen probas e se precisan xaxún.
- Tomar constantes habituais dos pacientes: TA,FC, dor, saturación de O2 e rexistralas en GACELA.
- Facer a acollida xunto a TCAE dos ingresos programados e urxentes.
- Realizar e/ou revisar a Planificación de Coidados, escalas de valoración (UPP, Braden, Catéteres), e rexistrar as medidas preventivas no plan.
- Realizar probas diagnósticas: EKG, sondaxes, gasometrías ...
- Pasar visita co médico responsable de cada paciente (de luns a domingo) e rexistrar cambios (dietas, vías, sondas...etc).

3

Quenda de Mañá



- Realizar curas e revisar accesos venosos (flebitis, apósitos, etc), nefrostomías, sondas, e cambiar se precisan.
- Realizar coidados específicos do paciente portador de traqueostomía.
- Realizar coidados específicos do paciente portador de urostomía.
- Recoller e deixar limpos e repostos os carros de medicación e curas.
- Complimentar o Informe de Continuidade de Coidados aos pacientes de alta.
- Recibir os pacientes procedentes de reanimación.
- Rexistrar os coidados, cambios e accións realizadas na historia do paciente.
- Realizar o cambio de carro de farmacia xunto co celador/a.
- Dar cambio de quenda.

4

Quenda de Tarde



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Traballar en equipo coa TCAE ofrecendo una atención integral adaptada as necesidades do paciente.
- Tomar constantes a pacientes con controis específicos.
- Revisar a planilla das dietas da merenda e da cea.
- Facer a acollida xunto a TCAE dos ingresos programados e urxentes.
- Recibir os pacientes procedentes de reanimación.
- Preparar e administrar medicación segundo prescripción e rexistrala no aplicativo silicon.
- Realizar e/ou revisar a Planificación de Coidados, escalas de valoración (UPP, Braden, Catéteres), e rexistrar as medidas preventivas no plan.
- Revisar as probas dos pacientes do día seguinte e aqueles que sexa preciso deixalos en xaxún.
- Realizar curas / probas aos pacientes que precisen.
- Realizar coidados necesarios para garantir a continuidade asistencial.
- Realizar probas urxentes.
- Rexistrar os coidados, cambios e accións realizadas na historia do paciente.

5

Quenda de Noite



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Traballar en equipo coa TCAE ofrecendo una atención integral adaptada ás necesidades do paciente.
- Tomar constantes a pacientes con controis específicos.
- Medir os drenaxes e as sondas nasogátricas.
- Facer o balance hídrico nos pacientes que esté indicado.
- Preparar e administrar medicación segundo prescripción e rexistrala no aplicativo silicon.
- A medicación oral prescrita cada 8 horas administrárase co almorzo, na quenda de mañá, agás situacións especiais.
- Revisar a planilla das dietas e deixar en xaxún nos pacientes que esté indicado.
- Preparar as historias dos pacientes que van a quirófano e deixalas na gradilla correspondente.

5

Quenda de Noite



- Realizar curas / probas aos pacientes que precisen.
- Facer a acollida xunto a TCAE dos ingresos urxentes.
- Realizar e/ou revisar a Planificación de Coidados, escalas de valoración (UPP, Braden, Catéteres), e rexistrar as medidas preventivas no plan.
- Extremar medidas que faciliten o sono do paciente.
- Realizar extraccións de sangue para analíticas urxentes ou programadas.
- Rexistrar os coidados, cambios e accións realizadas na historia do paciente.



6

Pautas da unidade para ingreso de pacientes

- Colocar pulseira identificadora
- Facer entrevista e cubrir [Ficha do paciente](#) na aplicación
- Anotar peso e talle na gráfica
- Facer [Plan de cuidados](#)
- Facer [Escalas de valoración](#): Braden, Risco de caídas, (modificando o plan segundo o risco (baixo, moderado ou alto))
- Rexistrar vías periféricas
- Rexistrar curas (UPP no seu caso)



7

Actividades Programadas



- Carro de RCP: revisar na quenda de noite xunto coa TCAE todos os sábados e cada vez que se utilice.
- Farmacia da Unidade: revisar primeiro luns de mes, en quenda de mañá pola supervisora xunto a enfermeira e TCAE.

8

Seguridade do Paciente



- Comproba a correcta identificación do paciente e a colocación da pulseira identificadora.
- Realiza a Hixiene de mans nos 5 momentos.
- Verifica os 5 correctos na administración da medicación.
- Preserva a integridade cutánea do paciente.
- Evita as caídas aplicando as medidas preventivas necesarias.
- Rexistra sempre os coidados realizados.

Aplica os teus coidados seguindo os protocolos da unidade e as mellores evidencias dispoñibles.

9

Decálogo de Boas Prácticas



01 PRESÉNTATE

Presentate co teu nome e categoría profesional e leva visible a tarxeta identificativa.

04 PRACTICA A EMPATÍA

Respecta as crenzas, valores e preferencias de pacientes e profesionais.

07 FAI EQUIPO

Fomenta a participación e o traballo en equipo e manexa os recursos responsablemente.

10 COIDA CON SEGURIDADE

02 COIDA O TEU ASPECTO

Mantén unha uniformidade correcta. Non leves xoias nin uñas pintadas e recolle o cabelo.

05 FOMENTA O DESCANSO

Planifica o tratamento e cuidados para favorecer o sono. Minimiza o ruído e a luz.

08 RESPECTA A INTIMIDADE

Garante a privacidade e confidencialidade, respecta a intimidade do/a paciente e a súa autonomía.

Ten presente a seguridade do/a paciente nas túas intervencións e cuidados e mantén actualizados os teus coñecementos.

03 INFORMA E ESCOITA

Adapta a linguaxe e comproba que te entenden. Practica a escoita activa.

06 COIDA A COMUNICACIÓN NON VERBAL

Coida o ambiente e a comunicación non verbal. Non utilices o móbil durante a práctica asistencial.

09 GARANTE A CONTINUIDADE ASISTENCIAL

Asegura a continuidade asistencial a través dos informes de alta e os rexistros na H^a clínica. Recorda que é un dereito do/a paciente.